

NOME: Conta o Conto Cando Conta.

REFERENCIA: 00006.

NÚMERO PARTICIPANTES: A partir de 5.

IDADES: A partir de 3.

ESPAZO

Sen necesidades espaciais especiais.

MATERIAIS

20 fichas con frases.

DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15 minutos.

1. Introducción. 2 minutos.
2. Pensar individualmente unha historia. 2 minutos.
3. Saír por quendas a contar as historias. 11 minutos.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

DESCRIPCIÓN

Individualmente ou en parellas, as persoas son convidadas a inventar unha historia a partir das cartas con comezos que lle son ofrecidas.

A dinámica pódese realizar de diversas maneiras, todas válidas, pois o único importante é inventar.

Opción 1 → Repartir tarxetas e dar un tempo para que cadaquén invente unha historia.

Opción 2 → A persoa sae ao palco, lézelle o comezo da historia e ten que ser quen de a continuar.

CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite traballar a creatividade narrativa

Permite traballar a presenza escénica: a entrada, intervención e saída.

Permite traballar a expresividade e a imaxinación.

MATERIAL ANEXO

Tarxetiñas editadas:

Xiao era un rapaz espelido. Quería ser científico, e moi cedo comezou a facer experimentos. Unha vez fixo algo que ninguén pensara antes, colleu un calcetín cheirento e ...

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

Todo parecía normal no meu armario, cando de repente os tenis axitaron os cordóns e comezaron a correr cara a min...

Hoxe pasou unha movida *guai*. Eu estaba cos colegas e comezamos a rir. Era tan gracioso que as amigas de miña irmá chegaron e tamén se puxeron a rir. Ata o meu avó que é tan serio comezou a escachar de risa. Pero a cousa non quedou aí...

A partir de mañá todos os animais do mundo van ser mesturados. Van aparecer animais novos. Por exemplo un cabalo cun...

Un día o can, o gato e o rato foron xuntos comer a un restaurante. A conversa estaba moi animada...

Un meniño choraba desconsolado. Choraba, choraba e choraba. Nisto apareceu un paxariño que lle dixo “Que che pasa?”. O meniño pensou “Os paxariños non falan...”...

Catuxa foi correndo ao baño. Non podía máis. Mais cando chegou a porta estaba trancada. O seu irmán de catro anos estaba alí dentro vendo un libro.

Martiño tiña moitas ganas de facer pis e correu ao baño, ergueu a tapa e... e na auga do sanitario había un peixe azul que nadaba e lle chiscaba un ollo...

Era un país onde todo o mundo se vestía de rosa: camisas rosas, saias rosas, zapatos rosas, bragas e calzóns rosas, todo era rosa. Ata que un día Xacobe manchou sen querer a súa roupa de tinta azul e saíu a pasear...

Era un día gris e neboento. Mais de repente houbo un claro do sol e...

A esponxa e o parrulo de goma decidiron empurrar a pastilla de xabón dentro da bañeira. Aí é que empezou o problema...

O rato paseaba tranquilamente, cando de repente topou co rei dos animais. O león fitou para o rato un bo anaco e logo falou así...

Un día Carapuchiña Vermella, os Tres Porquiños, a Madrasta de Brancaneves, os sete Ananos e o Lobo Feroz atopáronse na beira do río. Decidiron que querían aparecer xuntos nunha historia...

A miña madriña combidoume a comer nun restaurante. Pero non era un restaurante normal...

O vello capitán non cría o que vían os seus ollos. O mar que parecía tranquilo empezou como a ferver e das profundidades xurdiu...

Eu estaba de pé ao lado do coche do meu pai. E nisto o coche empezou a falar comigo...

O Mago Meigallo era o mago máis fantástico que nunca se vira diante. Facía aparecer coellos, desaparecer obxectos, transformaba bolas de ping-pong en pombas brancas... Ata que un día fixo a maior proeza nunca vista...

A semana pasada houbo un encontro de zombis no cemiterio veciñal. Viñan de todas as partes do mundo...

Isto eran dous elefantes moi amigos. Un día, paseando pola sabana, un díxolle ao outro “Pódoche contar un segredo?”...

Alberte despois soñar cousas rarísimas acordou e... veu que se convertera nunha abella...